

O emigrante non é persoa é un votante. Esta identificación foi acuñada e referendada ao longo de moitos anos –décadas- de políticas públicas, tanto dende a dereita como tamén dende os sectores auto-alcumados “progresistas”, coa anuencia en moitos casos ¿dalgúñas vítimas?. Este é o grande problema da relación da Galiza interior coa Galiza exterior: o reduccionismo da condición da persoa residente no exterior á de mero eleitor. O galego e a galega da diáspora son, por riba de todo, persoas, e como tal, e non en pago de ningunha débeda, deben ter a posibilidade de relacionarse coas institucións nacionais, participar nas iniciativas culturais, sociais, económicas, comerciais, etc do país, coa intensidade e do xeito que as súas necesidades o requiran. A condición de galega soborda o dereito de sufraxio, calquera outra consideración supón unha minusvaloración intolerábel da condición nacional de galego/a.

No BNG temos que pular pola defensa deste xiro copernicano nas relacións coa emigración. Os residentes ausentes son galegos produtores ou receptores de bens –materiais ou inmateriais- e servizos, voten ou non. Son parte de Galiza aínda que podan non ter dereito a voto, calquera que sexa a razón desta circunstancia: a minoría de idade, residir no estado español, carácter dos comicios...

Hai unhas semanas e tras moitos esforzos e iniciativas rexeitadas alternativamente polos partidos estatais –*segundo a súa posición no goberno do estado, así era o voto ás reformas lexislativas do voto exterior sempre promovidas polos deputados do BNG no Congreso-*, no Parlamento de Galiza constituíuse unha ponencia conxunta para a modificación da lexislación electoral no que atinxe aos residentes ausentes.

Consciente da necesidade e urxencia da reforma e que esta ten que ser impulsada dende Galiza, o BNG acudiu á ponencia para promover unha reforma da LOREX en profundidade e, ademais, que debería estar en vixencia no seguinte proceso electoral. Caso contrario, a ponencia carecería de sentido, pois existen outros foros para traballar a outro ritmo máis demorado, verbigratia Comisión de Emigración. Mais como acontece na propia Comisión, na ponencia puidemos apreciar de contado a ausencia da máis mínima vontade, tanto do PSOE como do PP, de mudar a regulación actual. Decepcionante, mais non sorprendente.

O BNG defendeu entrar a analizar a titularidade do dereito de sufraxio e os procesos a participar porque non é razoábel que a emigración non conte con voz propia no Senado e no Congreso, algo demandando xa dende As Irmandades da Fala. Non é asumíbel que, coa lexislación actual, parte do corpo electoral galego non sexa tido en conta. De tal xeito que aínda medrando o censo diminúe a representación, casos de Lugo e Ourense, ou mesmo o que pode acontecer en A Coruña nas eleccións vindeiras. *(A razón desta anomalía é que na atribución de representantes por circunscrición só se ten en conta a poboación non o censo. Ao tempo que a poboación galega descendeu durante o goberno do PP en Galiza, tamén o fixo o de representantes a escoller, a pesares do incremento exponencial que sofre en*

*cada proceso o censo de residentes no exterior, e por iso en cada proceso máis eleitores escollen menos representantes)*

Na mesma liña non é aceptábel que parte da diáspora galega –a máis próxima no tempo e na distancia- non teña dereito ao voto en ningún proceso, mentres o futuro e o destino dos concellos galegos pode ser decidido por quen non ten nin tivo relación co mesmo e cuxa situación e xestión ignoran.

As delegacións en Galiza do PSOE e do PP de xeito unívoco negaron calquera posibilidade de reforma neste senso.

O BNG pulou a prol de que o exercicio do dereito de sufraxio no exterior se faga nas mesmas condicións que no interior. Isto é, en urna e, de xeito complementar, por correo, mais previa solicitude e acreditación da identidade do emisor. Campañas eleitorais normalizadas e reguladas, en condicións de igualdade e con acceso aos centros galegos, presenza de interventores ou apoderados... son os mínimos que o BNG reclamou para a reforma da LOREX, tanto para o ben do país como da propia democracia.

Para o BNG, de xeito inescusábel, o Parlamento galego debería facer este traballo en tempo, que permita a súa vixencia para as eleccións xerais. Mais PP e PSOE non teñen vontade de que así sexa, e por iso negáronse a que este extremo ficase dentro dos obxectivos da ponencia, aprobando un plano de traballo que impedía a consecución deste obxectivo. Tal foi a desvergonza coa que explicitaron a súa vontade de que a reforma non estea lista para o 2008 que mesmo chegaron a aprobar a realización de comparecencias e de viaxes ao exterior por parte dos membros da ponencia.

E por iso, por coherencia, por transparencia e por non contribuír ao intento do PP e do PSOE de enganar á sociedade galega que, farta xa de tanta falla de respecto á democracia e aos residentes no exterior, reclama unha regulación seria deste voto, o BNG tivo que abandonar a ponencia, non lexitimando coa súa presenza a obra que estaban a representar. Sen embargo, fica inalterábel o noso compromiso coa democracia e coa Galiza global, sen demagoxias nin calculadoras electorais ou paternalismos falaces, con rigor e respecto, como a nosa Nación merece e reclama.